



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SR. ALCALDE - PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Visto o expediente da convocatoria para a formación dunha bolsa de traballado de titulados/as universitarios/as en Traballo Social e unha bolsa de titulados/as universitarios/as en Educación Social.

Considerando o disposto nas bases de selección; esta Alcaldía-Presidencia, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **RESOLVE**:

PRIMEIRO: Nomear a Comisión Seleccionadora (Tribunal de Selección) que estará formada polos/as seguintes empregados/as:

PRESIDENTE/A: D^a. M^a Carmen Mariño Padín

SECRETARIO/A: D^a. Iria Camba Rey

VOGAIS: D^a. Noela Lorenzo Gallego

D^a. Laura Caeiro Rey

D^a. M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy

SEGUNDO: A Presidenta do tribunal de selección queda expresamente habilitada para establecer a data de constitución do tribunal e en dita sesión constitutiva se establecerá o calendario das probas, realizándose posteriormente o anuncio na sede electrónica.

TERCEIRO: As persoas candidatas poderán exercer o seu dereito de recusación nos termos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de “Régimen Jurídico del Sector Público”.

A presente resolución esgota a vía administrativa, podéndose interpoñer os seguintes recursos:

a)Recurso de REPOSICIÓN con carácter potestativo, ante o Concello de Vilagarcía de Arousa, no prazo de 1 mes ó ser este un acto expreso, contado a partir do día seguinte a ter recibida esta notificación (art. 123, 124 e 48 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

Transcorrido un mes dende a interposición do Recurso sen que se dite e notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo, pudendo neste caso interpoñer contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses (art. 46 de la Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).



- b) Recurso CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou aquel que legalmente corresponda, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte á notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa (Art. 8.1, 14.2.1, 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).
- c) Recurso extraordinario de REVISIÓN, ante o Concello de Vilagarcía de Arousa, nos termos do artigo 125 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, e no prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte a ter recibida esta notificación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

A Secretaria Xeral

Alberto Varela Paz

M^a Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada

